

**ORDENANZA 3.20**

**TAXA POLA OCUPACION DE TERREOS DE USO PUBLICO CON MERCADURIAS,  
MATERIAIS DE CONSTRUCCION, ESCOMBROS, VALOS, PUNTAIS, SOPORTES,  
ANDAMIOS, CAMIÓNS-GRÚA, GRÚAS MÓBILES, PLATAFORMAS AÉREAS, CAMIÓNS DE  
MUDANZAS E OUTRAS INSTALACIONES ANALOGAS**

Artigo 1º. Fundamento e natureza

De conformidade co previsto no artigo 20.1.A) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLFL), este Concello establece a taxa por ocupación de terreos de uso público con mercaderías, materiais de construción, escombros, valos, puntais, soportes, andamios, camiós-grúa, grúas móbiles, plataformas aéreas, camiós de mudanzas e outras instalacións análogas, a que se refire o art 20.3.g) do TRLFL e que se rexerá pola seguinte Ordenanza e cuas normas atenden ó previsto no artigo 57 do citado Real Decreto Lexislativo e na Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública do Concello de Santiago de Compostela

Artigo 2º. Feito imponible

Constitúe o feito imponible a utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local pola ocupación do mesmo con mercaderías, materiais de construción, escombros, valos, puntais, soportes, andamios, camiós-grúa, grúas móbiles, plataformas aéreas, camiós de mudanzas e outras instalacións análogas.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos

---

*Ordenanza 3.20 Taxa pola ocupación de terreos de uso público con mercaderías, materiais de construción, escombros, valos, puntais, soportes, andamios, camiós-grúa, grúas móbiles, plataformas aéreas, camiós de mudanza e outras instalacións análogas*

Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuintes, as personas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o art. 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a favor das que se otorgen as licencias e os que disfruten, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular sen a autorización correspondente.

#### Artigo 4º. Base imponible

A base imponible está constituída pola superficie ocupada ou cuberta de dominio público local, en metros cuadrados, polas mercaderías, materiais de construción, escombros, valos, puntais, soportes, andamios, camiões-grúa, grúas móbiles, plataformas aéreas, camiões de mudanzas e outras instalacións análogas, medida en metros cuadrados

#### Artigo 5º. Cota tributaria

1. A cota tributaria resultará de aplicar á base o 0.05% do valor do metro de aproveitamento urbanístico fixado no Anexo polo número de días que é obxeto de ocupación o dominio público local.
2. Nos casos de ocupación con contedores e valos a cota incrementarase nun 300% .  
No caso de ocupación da vía pública con andamios fixos ou móbiles, que se apoiem ou voen sobre terreo comprendido dentro do espacio delimitado por un valo, quedarán obrigados ó pago da taxa incrementada correspondente á ocupación do espacio delimitado polo devandito valo.
3. As ruas que non teñan fixado o valor do metro de aproveitamento urbanístico, terán un valor, a efectos da determinación da debeda tributaria , de **390,955624 €**
4. Asemesmo, sobre as devanditas cotas aplicaránse os índices de situación establecidos para o cálculo da débeda tributaria no IAE según a categoría de rua en donde se coloquen as mercadorías, materiais de construción, escombros, valos , puntais, soportes, andamios ,e outras instalacións análogas
5. En todo caso, e con carácter mínimo, esixirásese unha cota de 15,03 €

6. O valor do metro de aproveitamento urbanístico actualizaráse cada ano según o índice que se sinala na Lei de orzamentos estatal para actualización de valores catastrais

#### Artigo 6º. Normas de xestión

1. Os suxeitos pasivos están obrigados a presentar a correspondente declaración nos impresos habilitados ao efecto pola Administración Tributaria Local e realizar o ingreso da autoliquidación da taxa resultante na Caixa de Recadación ou nas entidades bancarias autorizadas, o que se deberá acreditar no momento de presentar a correspondente solicitude.
2. No suposto de que se actúe de oficio, a taxa se esixirá por liquidación provisional practicada pola Administración tributaria local

#### Artigo 7º. Infraccións e sancions

Para todo o relativo á calificación de infraccións tributarias e á imposición das sancions correspondentes, rexerá o disposto no artigo 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

#### Disposición derradeira

A presente Ordenanza foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 25 de outubro de 2007. Comezará a aplicarse a partir do primeiro de xaneiro do ano dous mil oito, e aplicarase mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.